



/ O que fixemos... / Cantos de Taberna en Elviña. Tanxedoira polas nubes.

En Tanxedoira o que máis nos gusta é pasálo ben, por iso en canto algún socio propón unha idea diferente alá que imos @s aventureir@s.

E así foi o pasado 10 de setembro: un grupo de Tanxedoiras fomos facer... PARAPENTE!



Algunhas das aventureiras.

Levantámonos cedo e fomos ata Valença do Minho, en Portugal. Alí esperábannos uns monitores con todo o equipo xa preparado. Era a primeira vez para todas, e non puido ser mellor. A min, persoalmente, encantoume: notar que non tiñas os pés no chan molou bastante. Na viaxe polo aire pasamos sobre as árbores e vimos unha ferverza e un lago con muíños de auga.

Como en toda actividade de Tanxedoira, non podía faltar a comida, así que aproveitando onde estábamos fomos tomar un bo churrasco á grella.

O máis divertido da viaxe foi o mareo que colleu a presi case a piques de aterrar... hehehe.

En xeral, foi divertidísimo e quedáronnos moitas ganas de repetir, así que ata a próxima Tanxedoira@s Aventurer@s! 📍

Mati Sánchez.

O día 24 de setembro a Asociación Cultural Tanxedoira participou nas Festas da Milagrosa, cos seus cantos de taberna. Alí coincidiu con outros dous grandes grupos, Cantareiros do Naval e Aires de Sigrás, os cales tamén participaban deste evento organizado polos Comerciantes Boulevard Elviña.



A "marea azul" chegou a Elviña.

A acollida nos bares do circuíto foi moi boa, a xente pasouno moi ben. Entre canto e canto, os establecementos, moi amabelmente, íannos convidando a uns petiscos e algo de beber para axudar a afinar as voces.


Ao finalizar o evento, a organización convidou a todos os grupos a un petisqueo e alí reunidos, como non podía ser menos, a festa continuou ata ben entrada a tarde. Gaitas, bombos, pandeiretas, palmas, guitarras e voces celebrando un gran día 📍

Tere Barbeito.

Acordeonistas.

Comezou o curso en Tanxedoira e, a pesar da limitación de espazo físico que presenta o local social, foi posíbel incorporar unha nova actividade musical: acordeón.

O profesor é Luís Romero que, seguindo o principio altruísta da Asociación, adaptouse á dispoñibilidade horaria das actividades, coa dificultade que conleva o encontrar un horario que veña ven para o alumnado e que o local se encontre libre.

Desde aquí, fáiselle chegar un agradecemento público ao novo formador, desexando que moi pronto podamos ver o seu alumnado actuando na escena 

A. C. Tanxedoira

Comida da inauguración do Curso 2016/2017.

Como vén sendo tradición en todos os comezos de cursos e na ASOCIACIÓN TANXEDOIRA, o sábado 1 de outubro celebrouse entre os socios e as socias unha comida de inauguración de curso.



Preparados, listos, ¡XA!


Por suposto entrada de balde para calquera que quixera asistir, tamén coas súas familias. E nesta ocasión organizouse a comida nos locais da Asociación, onde cada familia achegou comida, bebidas e sobremesas. Na súa inmensamente maioría comida caseira, exquisita e moi elaborada: desde patés riquísimos, ata empanadas de polbo, ou de bacallau con pasas, tortillas de todo tipo, croquetas boisimas, lacón asado, mexillóns ao vapor, etc. Todo iso regado con todo tipo de viños, tintos, brancos, cervexiñas e refrescos varios. E xa non digamos as sobremesas: biscoitos de todas as variedades, larpeiras, torta de queixo, e, por suposto, todo exquisito.

E como non, o cafeciño coas gotas e as infusións para os menos cafeiteiros. Vamos, que non faltou de nada: cheíños todos quedamos.

Boa organización e boa compañía, onde non faltaron os xogos tradicionais para os máis pequenos da familia, que o pasaron en grande, as partidas de cartas e o canto para os menos pequenos.

Tamén quedou tempo para mercar a lotería de Nadal, que seguro que este ano toca. Así que a comprar, o que aínda non a teña.

En fin, que a comida e a boa compañía alongouse ata ben entrada a tarde-noite, polo que damos por ben inaugurado o novo curso 2016/2017.

E ficamos agardando a familia Monteserin Castro o seguinte evento da ASOCIACIÓN TANXEDOIRA 

Beatriz Castro.

Cea en Tanxedoira.

O pasado día 19 de novembro, xuntámonos algúns membros do coro, teatro, rondalla, etc. no local da asociación.

Mentres que encargaban as pizzas, houbo xogos de mesa, pin-pon, charla entre @s asistentes.

Tamén vimos o partido de fútbol da selección.

E xa coa chegada da comida, preparámonos para repoñermos forzas.



Facendo aprovisionamento.

Todos gozamos dunha boa noite nun ambiente agradábel.

Finalmente, como non, houbo cancións e baile, pois esas son cousas que nunca faltan nas nosas queridas comidas e ceas da nosa asociación.

Moitas grazas a tod@s pola vosa asistencia e até a próxima.

Un bico moi cariñoso dos vosos compañeiros

Carmen López e Samu Pena.

Magosto.

Un día de outono, 12 de novembro, o ambiente empeza a arrefriarse á espera do frío e as nevadas. E no mes de novembro, en especial en Galiza e Asturias, preparámonos para a festa do Outono: o MAGOSTO ou o AMAGÜESTU.

Esta é unha tradición bastante descoñecida fora das nosas fronteiras galego-asturianas. As familias e grupos de amigos reúnense para gozar da tarde outonal, mentres se deleitan co sabor das castañas, que nesta ocasión, eu persoalmente, tanto puiden desfrutar na compañía da gran familia Tanxedoira.



Xugadoras, xugadores, técnicos e alguén mais do público.

Empezamos xuntándonos para gozar dun partido de fútbol, onde o máis importante non era o resultado, senón a diversión de tod@s@s presentes, tanto grandes como pequen@s, e iso conseguíuse cun sobresaínte.

De alí fómonos tod@s ao local da asociación, onde, nun principio, se ía realizar fóra a típica lumeirada tradicional da festa e asar nela as castañas; mais non acompañou o tempo, así que Roberto e Ana ofreceron a súa casa para preparalas.



Alguns dos participantes na xuntanza.

Tod@s puxemos o noso gran de area con deliciosas viandas: biscoitos, empanadas, galletas, sobremesas, etc. Todo feito a man e con moito agarimo para acompañar as riquísimas castañas asadas por Roberto, Luis, Reza, Manolo e o pai de Rober.

Rápidamente, e como adoita ser habitual cada vez que nos reunimos para calquera evento, empezaron os cantos típicos con David, Javier e a presi á cabeza e uníronse ao momento tod@s@s alí presentes coas súas voces.

Un día realmente divertido, diferente e en moi boa compañía. Grazas a tod@s!

Nacho Pichel.

Grupo de Teatro Tanxedoira, e a súa obra ¿Quién nos manda hacer teatro?

O pasado 17 de novembro tivemos unha divertida actuación no Centro Cívico do Castrillón cunha gran afluencia de público, que pasaron unha tarde moi agradábel e que se divertiron ao grande.



Recibindo e agradecendo os aplausos do público.

Tamén coa mesma obra, o día 20, estivemos en Santaballa (Vilalba, Lugo) nunha Escola Habaneira de 1907, totalmente restaurada, onde a xente se divertiu coa obra arrincando grandes aplausos. Pasámolo en grande, coa compañía tan próxima. Convidáronnos a comer a corpo de rei e logo despois da actuación merendamos e volta á Coruña. Un día inesquecível

José Luis López.

¡Aqueles maravillosos anos!



1989.- Local de Tanxedoira no lavadoiro de Monelos.

/persoa. Inscripción: lista de asistencia no local ou a través do Telegram.

/ Non perdás.../

Concurso de Postais do Nadal.

Ata o día 9 de decembro, está aberto o prazo para poder presentar as vosas obras para a nova edición do noso concurso anual.

Existen dúas categorías:

-Infantil (Ata 14 anos)

-Adultos (de 14 anos en diante)

As bases do Concurso están a disposición en www.tanxedoira.org

Lotaría de Nadal.

Xa están dispoñíbeis os décimos de Lotaría de Nadal de Tanxedoira, Nº 93.756. Para recollela tedes dúas opcións:

-No local de Tanxedoira todos os venres de 20:00 a 22:00 horas

-Na administración de lotaría do Carrefour (Alfonso Molina) dentro do seu horario de apertura.

¡¡¡SORTE!!!

Obradoiro de abelorios.

Abriuse o prazo para as inscricións na nova actividade de traballos con abelorios. ¡¡¡APUNTÁDEBOS!!!

/ A destacar.../

Axenda

📅 12 de Decembro.

CONCURSO POSTAL DO NADAL.- Comunicarase a os gañadores e gañadoras, no seu caso, o resultado do concurso.

📅 17 de Decembro.

FESTIVAL DE NADAL.- Celebrarase no C.C. de Novo Mesoiro, onde actuarán os grupos artísticos e o alumnado das diversas actividades. Hora 17:00.

📅 18 de Decembro.

CONCERTO A FAVOR DE CÁRITAS.- Terá lugar na Parroquia de San Luis Gonzaga, Rúa San Rosendo nº 11 (A Coruña) e actuarán o Coro e a Rondalla de Tanxedoira. Hora 17:30.

📅 23 de Decembro.

CENTRO SANTIAGO APOSTOL.- Actuará o Coro da Asociación. Estrada das Xubias (A Coruña). Hora 19:00.

📅 7 de Xaneiro.

CHOCOLATADA.- Terá lugar no local da Asociación Tanxedoira. 18:00 horas. Prezo: 2 €

Asociación Cultural
TANXEDOIRA



Obradoiro de Abelorios (iniciación)

Inicio: 2 trimestre do curso 2016/2017
Horario: Martes de 18:00 a 19:00

Listas no local ou abelorios@tanxedoira.org

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Deputación
DA CORUÑA